



Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

### ACORDO:

Na cidade de Ourense, a dous de marzo de dous mil catro.

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de O Ribeiro 1, 2, 3, 4, 5; O Cotaro 1, 2, 3; Monte de Arriba 1, 2, por solicitude dos veciños da Granxa, do concello do Carballiño (Ourense).

Resultando que con data 15 de xaneiro de 1997, tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar da Granxa, concello do Carballiño (Ourense), solicitando se declare o monte O Ribeiro 1, 2, 3, 4, 5; O Cotaro 1, 2, 3; Monte de Arriba 1, 2, como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado Provincial en sesión de data 18 de marzo de 1997, acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciar o expediente de clasificación do monte e dos membros do xurado designáronse instructores do expediente a Manuel Bouzas Costa e Miguel Ángel González Trigás, que aceptaron tal cargo na mesma sesión. Remítíronse comunicacións dirixidas ós veciños do lugar da Granxa, á Deputación Provincial de Ourense, ó concello do Carballiño, á Delegación Provincial da





Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Á Xerencia Territorial do Catastro, ó Servizo de Montes e Industrias Forestais, ó Servizo de Extensión Agraria e ó Servizo de Estructuras e Desenvolvemento Rural, os tres da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e ó Rexistro da Propiedade do Carballiño, publicándose edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello do Carballiño, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación.

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade do Carballiño, como segue:

Anotación letra A, a favor dos veciños da Granxa, ao Folio 179, do Libro 131 do Carballiño, Tomo 474, predio 18.381

Resultando que na reunión do Xurado do 2 de abril de 2003 se adoptou o acordo de deixar pendente a clasificación do monte ata a presentación do plano topográfico que se lle requiriu ao veciño da Granxa comparecente na reunión.

Resultando que en data 17 de outubro de 2003, presentan novos planos en diferentes escalas dos montes "O Ribeiro 1, 2, 3, 4, 5; O Cotaro 1, 2, 3; e Monte de Arriba 1, 2, coas correccións indicadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais





Resultando que na tramitación do expediente se cumpriron tódalas formalidades legais.

Resultando que o Servizo de Montes e Industrias Forestais logo da presentación dos planos nos que constan as coordenadas UTM que definen os perímetros de cada unha das parcelas que conforman o monte xunto coa numeración dos vértices, fai un levantamento de plano.

Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable;

e





- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os concelleiros pedir a "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar da Granxa, no concello do Carballiño

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar de da Granxa, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños da Granxa, para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.





Visto o Decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

#### ACORDA:

Primeiro. - Clasifica- lo monte coa denominación O Ribeiro 1, 2, 3, 4, 5; O Cotaro 1, 2, 3; Monte de Arriba 1, 2; de 79.904 m<sup>2</sup>, en conxunto, aproximadamente de Superficie a favor dos veciños do lugar da Granxa , no Concello do Carballiño (Ourense) , e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: O Carballiño (Ourense)

Denominación do monte: "O Ribeiro 1, O Ribeiro 2, O Ribeiro 3, O Ribeiro 4, O Ribeiro 5, O Cotaro 1, O Cotaro 2, O Cotaro 3, Monte de Arriba 1, Monte de Arriba 2".

Comunidade propietaria: veciños da Granxa.

Superficie: 79.904 m<sup>2</sup>, aproximadamente en conxunto.

- Parcela "O Ribeiro 1"

Superficie: 2.856 m<sup>2</sup>, aproximadamente.

Estremas:

Norte: herdeiros de Cesáreo González e estrada.





Sur: depurador de augas.  
Leste: estrada.  
Oeste: herdeiros de Cesáreo González.

- Parcela "O Ribeiro 2"

Superficie: 2.186 m<sup>2</sup>, aproximadamente.

Estremas:

Norte: depurador de augas.  
Sur: Dina "do Verrador".  
Leste: estrada.  
Oeste: camiño público.

- Parcela "O Ribeiro 3"

Superficie : 32.854 m<sup>2</sup>, aproximadamente.

Estremas:

Norte: monte veciñal denominado Comunal de Saá, dos veciños do lugar de Saa (Concello do Carballiño)  
Sur: estrada.  
Leste: Alejandro Rodríguez e camiño.  
Oeste: estrada.

- Parcela "O Ribeiro 4"

Superficie: 223 m<sup>2</sup>, aproximadamente.

Estremas::

Norte: camiño.  
Sur: Eliseo Rodríguez.  
Leste: Tomás Barroso.  
Oeste: estrada.

- Parcela "O Ribeiro 5"

Superficie: 1.493 m<sup>2</sup>, aproximadamente.





Estremas::

Norte: estrada.  
Sur: Alejandro Rodríguez.  
Leste: estrada.  
Oeste: Camilo Rodríguez e outros.

• Parcela "O Cotaro 1"

Superficie: 179 m<sup>2</sup>, aproximadamente

Estremas::

Norte: estrada.  
Sur: Antonio Rodríguez.  
Leste: pista forestal.  
Oeste: Antonio Rodríguez.

• Parcela "O Cotaro 2"

Superficie: 5.829 m<sup>2</sup>, aproximadamente

Estremas:

Norte: camiño público.  
Sur: monte veciñal denominado Comunal de Saá, dos veciños do lugar de Saa  
Leste: monte veciñal denominado Comunal de Saá, dos veciños do lugar de Saa.  
Oeste: estrada.

• Parcela "O Cotaro 3"

Superficie:: 2.262 m<sup>2</sup>, aproximadamente

Estremas:

Norte: estrada.  
Sur: monte veciñal denominado Comunal de Saá, dos veciños do lugar de Saa





Leste: estrada.

Oeste: camiño.

- Parcela "Monte de Arriba 1"

Superficie: 31.210 m<sup>2</sup>, aproximadamente

Estremas

Norte: herdeiros de José Rodríguez e outros.

Sur: pista forestal.

Leste: Jesús Rodríguez e outros.

Oeste: herdeiros de Agustín Rodríguez.

- Parcela "Monte de Arriba 2"

Superficie 812 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas

Norte: pista forestal.

Sur: Herminia Rodríguez.

Leste: pista forestal.

Oeste: camiño público.

Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó concello do Carballiño (Ourense), aos representantes da comunidade veciñal, ó Servizo de Montes e Industrias Forestais, aos que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de





Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.)

# COORDENADAS UTM ZONA 29T

## MONTE DE ARRIBA

- |                                |                                |
|--------------------------------|--------------------------------|
| 1.- (578.822,34;4.701.017,46)  | 2.- (578.851,46;4.700.975,06)  |
| 3.- (578.912,99;4.700.899,42)  | 4.- (578.970,66;4.700.829,49)  |
| 5.- (578.950,86;4.700.799,09)  | 6.- (578.934,49;4.700.753,36)  |
| 7.- (578.954,71;4.700.727,61)  | 8.- (579.001,71;4.700.689,13)  |
| 9.- (579.036,35;4.700.673,45)  | 10.- (579.027,59;4.700.648,41) |
| 11.- (579.023,30;4.700.644,80) | 12.- (578.987,97;4.700.652,88) |
| 13.- (578.959,58;4.700.650,42) | 14.- (578.939,37;4.700.675,53) |
| 15.- (578.907,47;4.700.704,81) | 16.- (578.893,29;4.700.713,88) |
| 17.- (578.870,05;4.700.766,39) | 18.- (578.859,88;4.700.802,25) |
| 19.- (578.855,19;4.700.828,05) | 20.- (578.842,13;4.700.860,65) |
| 21.- (578.826,60;4.700.879,80) | 22.- (578.793,16;4.700.903,99) |
| 23.- (578.767,48;4.700.913,56) | 24.- (578.749,67;4.700.918,11) |
| 25.- (578.729,47;4.700.919,22) | 26.- (578.691,22;4.700.909,84) |
| 27.- (578.714,44;4.700.948,72) | 28.- (578.715,61;4.700.954,83) |
| 29.- (578.783,44;4.700.990,49) | 30.- (578.818,97;4.701.013,09) |

## O COTARO

- |                                |                                |
|--------------------------------|--------------------------------|
| 1.- (578.046,57;4.700.822,55)  | 2.- (578.058,34;4.700.810,67)  |
| 3.- (578.054,38;4.700.788,56)  | 4.- (578.067,25;4.700.762,46)  |
| 5.- (578.082,44;4.700.728,41)  | 6.- (578.095,28;4.700.718,17)  |
| 7.- (578.098,43;4.700.707,54)  | 8.- (578.066,23;4.700.702,99)  |
| 9.- (577.995,32;4.700.701,74)  | 10.- (577.954,84;4.700.693,12) |
| 11.- (577.972,68;4.700.725,12) | 12.- (577.956,08;4.700.795,87) |

## O RIBEIRO

- |                                |                                |
|--------------------------------|--------------------------------|
| 1.- (578.506,69;4.701.760,39)  | 2.- (578.520,96;4.701.730,00)  |
| 3.- (578.530,92;4.701.683,12)  | 4.- (578.491,27;4.701.683,25)  |
| 5.- (578.481,88;4.701.702,66)  | 6.- (578.496,88;4.701.735,27)  |
| 7.- (578.498,73;4.701.740,54)  | 8.- (578.519,13;4.701.754,74)  |
| 9.- (578.544,36;4.701.743,29)  | 10.- (578.721,86;4.701.615,05) |
| 11.- (578.727,39;4.701.558,52) | 12.- (578.738,22;4.701.529,43) |
| 13.- (578.726,16;4.701.531,91) | 14.- (578.643,12;4.701.526,05) |
| 15.- (578.554,02;4.701.492,05) | 16.- (578.544,53;4.701.521,82) |
| 17.- (578.544,29;4.701.548,46) | 18.- (578.542,24;4.701.576,29) |
| 19.- (578.541,99;4.701.606,53) | 20.- (578.538,49;4.701.645,22) |
| 21.- (578.538,02;4.701.663,40) | 22.- (578.534,54;4.701.688,52) |
| 23.- (578.529,24;4.701.733,21) | 24.- (578.532,00;4.701.625,58) |
| 25.- (578.535,73;4.701.598,80) | 26.- (578.536,01;4.701.572,83) |
| 27.- (578.512,26;4.701.586,27) | 28.- (578.476,65;4.701.611,51) |
| 29.- (578.485,63;4.701.622,30) | 30.- (578.540,88;4.701.502,11) |
| 31.- (578.548,26;4.701.487,97) | 32.- (578.558,30;4.701.468,39) |
| 33.- (578.552,76;4.701.450,81) | 34.- (578.530,73;4.701.430,79) |
| 35.- (578.517,92;4.701.412,66) | 36.- (578.505,88;4.701.396,80) |
| 37.- (578.484,85;4.701.425,70) | 38.- (578.486,23;4.701.439,64) |
| 39.- (578.495,99;4.701.433,31) | 40.- (578.564,14;4.701.460,79) |
| 41.- (578.544,85;4.701.411,35) | 42.- (578.518,35;4.701.380,49) |
| 43.- (578.504,80;4.701.382,68) | 44.- (578.522,11;4.701.409,05) |
| 45.- (578.534,96;4.701.427,95) | 46.- (578.555,52;4.701.447,93) |

Xunta de Galicia Consellería de Medio Ambiente  
Delegación Provincial de Ourense Servicio de Montes e Industrias Forestales  
Área de Montes Vecinales en Mano Común  
Calle del Paseo nº 18 3º 32003 OURENSE  
Tfno.: 988-389705

Objeto del plano:  
Plano del monte "O Ribeiro, O Cotaro e Monte de Arriba" (A Granxa, O Carballiño)

El jefe de Área:  Cartografía do base:  
Hojas 187-24 y 187-34

Fdo. Luis Miguel Segovia ESCALA: 1:5.000 FECHA: 7 de julio do 2.004 REFERENCIA: 7 Carballiño